

EXPOSICIÓN DE  
**FOTOGRAFÍA  
ORIXINAL**

**PREMIOS PROVINCIAIS  
Á XUVENTUDE  
2017-2023**



**Deputación  
Pontevedra**

1º Encontro Provincial

**PONTEVEDRA  
LITERARIA**

Xuventude e artes



EXPOSICIÓN DE  
FOTOGRAFÍA  
ORIXINAL  
PREMIOS PROVINCIAIS  
Á XUVENTUDE  
2017-2023

**DEPÓSITO LEGAL: PO 426-2024**

**Créditos:**

Exposición organizada pola Deputación de Pontevedra. Servizo de Xuventude e Reto Demográfico

**Coordinación:** Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra

**Comisariado:** Begoña Fernández Lorenzo. Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra

**Deseño:** Servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra

**Revisión lingüística:** Servizos Lingüísticos da Deputación de Pontevedra

**Actividade que forma parte do I Encontro Literario e Artístico:  
Pontevedra Literaria. Xuventude e Artes**

**Fotografías:**

Andrea Mariño Aguilar

Sarai Costas Deza

Diego Ricón Herbello

Rebeca López Villar

Helena Constela Lorenzo

Carolina Sertal Souto

Rosa Pardal Aragunde

Claudia Gómez López

Iago Manoel Souto Lorenzo

Alma Alonso Costas

Sergio Vidal Alonso

Roque Beloso Abilleira

Lara Cores Piñeiro

Cynthia Gómez Vázquez

Regina Chamorro Misa

David Outón Quintáns

María Sarrapio Pol

Irene Curra Piñeiro

Ana Gómez Ferreira

2017



### ***Señoras bien, señoras fetén***

Andrea Mariño Aguilar

2017. 1.º Premio, categoría fotografía orixinal

Sempre me custou moito expresarme con palabras, coido que por isto mesmo namorei da fotografía, porque me permite contar o que falando non sei. Esta imaxe tamén vai máis aló das palabras e céntrase nas emocións. Pon o foco no que sentimos ao deixar a un lado o estrés do día a día para somerxernos nun momento de maxia, de conexión, de ledicia e de pertenza. Transmite unha sensación de liberación colectiva, onde as preocupacións cotiás desaparecen nun ambiente cheo de música e enerxía. É o testemuño visual de como a música ten o poder de levarnos a un espazo de calma e conexión profunda. A fotografía non só captura un momento, tamén abrangue a esencia mesma do que significa pertencer a un instante, a unha experiencia, a unha comunidade.



### ***Espera***

Sarai Costas Deza

2017. 2.º Premio, categoría fotografía orixinal

Esta fotografía fala da espera que pasaron as mulleres en tempos de guerra polos seus maridos que estaban na fronte. Pertence a unha serie fotográfica chamada *Coser heridas*, que fala sobre a perda e a desesperación, e como renacer das feridas.



### ***El descanso de la guerrera***

Diego Ricón Herbello

2017. 3.º Premio, categoría fotografía orixinal

“Se ao recordar sorrís, pagou a pena”. Iso é o que penso cando sobrevoo a historia desta fotografía furtiva. Disparada desde unha zona alta prohibida, despois de saltar, co sixilo dun gato, un portalón cunha cámara que pesa 1,7 kg, fabricada en 1975 e cargada con película de formato medio. Unha vez arriba, axuste a exposición con ollo de francotirador e enfoqueei por obriga hiperfocal, dado que asomarme o máis mínimo delataría a miña localización e arruinaría a foto. Agardei a que unha nube preparase a luz... collín aire, practiquei na miña mente o xesto... agarrei con forza a miña máquina e... nun segundo, o eco do espello rebotando acompañando os gritos que xurdían da terma abrazou o aire na miña sorrinte fuxida.

2018





***O caso é dar con elas***

Rebeca López Villar

2018. 1.º Premio, categoría fotografía orixinal

Unha porta misteriosa e uns zapatos negros. Talvez unha terrible meiga agochada, unha criatura invisible na entrada a un mundo oculto, a un espazo diferente. Esta peza fotográfica xorde no proceso dun proxecto artístico continuado no que se explora a idea da bruxa desde todas as súas perspectivas.



### ***Volviendo a ser***

Helena Constela Lorenzo

2018. 2.º Premio, categoría fotografía orixinal

Dous aprendices de monxe dun templo próximo ás fervenzas de Erawan, Tailandia, saíron do recinto para pasear polo parque natural. Tras un pouco de tempo meditando sentados sobre unha rocha, erguéronse e comezaron a saltar á auga, deixando atrás a sobriedade que os caracteriza no templo e volvendo a ser, só por uns momentos, nenos.



### ***Invisible***

Carolina Sertal Souto

2018. 3.º Premio, categoría fotografía orixinal

Dedos e fíos intercálanse para confeccionar, pa-seniño, o que será o pan de mañá. Os tapices das mulleres de Berkane tecen un proxecto da Association Homme Et Environnement no Rif Oriental; aínda coa esperanza de acadar unha emancipación económica, non lles está permitido acudir ao local no que deseñan mantos e roupas sen o consentimento dun home. *Invisible* reflicte a crúa realidade coa que conviven millóns de mulleres doutras sociedades. Esta foto foi tomada en 2012 nunha viaxe realizada coa Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso), mais non perdeu vixencia; mulleres e nenas afgás, palestinas, iranianas, indias, entre outras, ven vulnerados os seus dereitos máis básicos como seres humanos: existir en paz e en liberdade.

2019



### ***Habitación núm. E***

Rosa Pardal Aragunde

2019. 1.º Premio, categoría fotografía orixinal

A fotografía orixinal que presento forma parte dunha colección, inacabada, que fala da miña contorna rural desde un punto de vista moi particular. Esta fotografía representa o paso do tempo e como xestionalo chegada unha idade. No meu arredor hai unha gran cantidade de xente maior que pasou toda a súa vida traballando no campo. A condición física era todo no que se suxeitaban, e vendo que, segundo pasa o tempo, isto se vai acabando, reclúense na súas casas simplemente a... esperar.



### ***Hora de xantar***

Helena Constenla Lorenzo

2019. 2.º Premio, categoría fotografía orixinal

Durante o verán de 2018 fixen a que, probablemente, sexa a miña última viaxe a Nova York (e tamén a primeira), e sabía que quería volver tras captar a súa esencia coa miña cámara. Paseando por un novo barrio en construción, ao lado da gran Times Square, topeime cunha das caras da cidade que aínda non descubrira: os artifices, os creadores, os magos, as persoas que constrúen a urbe tal e como a coñecemos e traballan nunha especie de micromundo paralelo, afastado de todos os luxos da rúa do lado.



### ***Os ollos da rúa***

Claudia Gómez López

2019. 1.º Premio, categoría serie fotográfica

Neste proxecto pretendo representar as miradas de diversas persoas anónimas, empregando a fotografía de rúa como fio condutor. Intres, expresións, sentimentos e movemento recollidos nunha serie de seis fotografías realizadas nun período de forte actividade na miña traxectoria artística, co obxectivo de capturar a esencia das rúas de diversas cidades europeas, así como a riqueza cultural producida pola xente de a pé.



### ***A realidade paralela***

Iago Manoel Souto Lorenzo

2019. 2.º Premio, categoría serie fotográfica

Con esta obra pretendo mostrarlle ao mundo a realidade paralela na que viven as nenas e nenos nos países subdesenvolvidos. O proxecto xurdiu a raíz dunhas vacacións solidarias que realicei en marzo de 2019 nun orfanato de Mto Wa Mbu, en Tanzania. Esta experiencia permitíume coñecer máis de cerca as condicións nas que vive e medra a maior parte da poboación do país.





### ***Estelas***

Helena Constela Lorenzo

2019. 2.º Premio, categoría serie fotográfica

Nesta serie tratei de amosar o paralelismo destes artistas á vez que as súas similitudes; imaxes semellantes dos espazos e os seus xeitos de traballar, dous xeitos de entender a arte, dous talleres, dúas almas apaixonadas e orgullosas dos seus traballos con moito en común. Paco, de 85 anos, é case un reflexo do futuro Ismael, que non chega aos 40, aínda que nin tan sequera se coñecen. Representan a mesma paixón por tratar con nobreza a madeira e crear con ela obras maravillosas; Ismael, en forma de violas de gamba e Paco, en maquetas de proporcións inmensas das catedrais máis emblemáticas do noso país.

2020



### ***Cultura segura***

Helena Constela Lorenzo

2020. 1.º Premio, categoría fotografía orixinal

No escenario da nova normalidade despois do confinamento provocado pola COVID-19, a cultura é unha das grandes esquecidas no panorama político nacional. Con estritas medidas de distanciamento social, semella imposible reactivar as actividades culturais. Os teatros están baleiros, os concertos son cancelados e a cultura queda relegada ao último plano. escoitar os berros de socorro do sector cultural é primordial para darlle á arte a importancia que ten na vida do espectador. Na imaxe, unha parella visita o Palau de la Música Catalana (Barcelona), baleiro, sen actuacións, inerte. Unha representación da actualidade do sector cultural. Sós e portando máscaras, lémbrennos que a cultura segue sendo segura.



### ***A velocidade do tempo***

Alma Alonso Costas

2020. 2.º Premio, categoría fotografía orixinal

Cantas veces nos pareceu que as agullas do reloxero xiraban máis rápido do que deberían? Que a area do vaso de cristal non remataba de caer? A través desta fotografía pretendo facer unha reflexión sobre a velocidade do tempo e a influencia que ten nas nosas vidas. O elemento central da imaxe é a árbore, un piñeiro que pode chegar a vivir douscentos anos. Ao seu lado hai un avión, que debuxa unha liña sobre o ceo e desaparece un par de minutos máis tarde. A lúa aparece tan só unhas horas cada día, durante todos os días do ano. Na outra beira pódese ver un muro dun antigo castelo, pedras que foron colocadas hai máis de cinco séculos... Todos os elementos presentes teñen unha lonxevidade diferente, pero coinciden nun espazo e comparten un tempo moi concreto: a centésima de segundo na que se saca a imaxe. Pero... canto pode vivir unha fotografía?



### ***Xélido afervoado***

lago Manoel Souto Lorenzo

2020. 3º Premio, categoría fotografía orixinal

Como especie humana, estamos no momento máis crítico da nosa existencia. Pero o máis curioso é que o que nos levou a esta situación fomos nós mesmos coa nosa actitude irresponsable cara ao noso planeta. A gran cantidade de gases de efecto invernadoiro que estamos emitindo á nosa atmosfera está a provocar aumentos de temperatura sen precedentes en todos os lugares do mundo. Pode que, nun curto espazo de tempo, moitos dos lugares que permaneceron inalterables durante miles de anos desaparezan e só poidamos contemplar a súa beleza en fotografías ou en vídeos. A fotografía que lles presento fíxena en Islandia.






### ***Rapaces do mundo***

Claudia Gómez López

2020. 1.º Premio, categoría serie fotográfica

Serie fotográfica que nace tras un período moi activo onde tiveren a oportunidade de viaxar a diferentes partes do mundo (principalmente por Europa do norte e Asia) e retratar as súas xentes, aos nenos e nenas facendo o que mellor se lles dá: xogar, correr, observar, tocar, expresar a súa curiosidade da maneira máis inocente e característica. Os seus ollos cheos de inocencia no momento decisivo. Así, da man da espontaneidade das fotografías, este proxecto busca representar que o espírito inocente da infancia non ten fronteiras. E é que os nenos e as nenas o son en todos os recunchos do mundo.






***Do noso: paisaxe de dentro e de fóra***

Sergio Vidal Alonso

2020. 2.º Premio, categoría serie fotográfica

O mar é un dos elementos máis vinculados a unha posible identidade galega. O mar é un elemento dual, por unha parte prové de riqueza e por outra arrebátaa. Ao mesmo tempo, o propio ser humano, na súa explotación, está a estragar o medio marítimo, ora pola pesca masiva, ora pola contaminación constante das augas. Nestas reflexións a medio camiño entre o natural e o cultural xorde o motivo no que se inspira a serie, coa presenza do corpo suxerida a través das formas e cores das redes, que parecen adoptar as formas característica dunha paisaxe coas ondas do mar ou dun areal. Mediante a ambigüidade, estes elementos preséntanse como un rexistro da peculiar relación do humano co mar. Unha especie de abstracción, na que os límites entre o artificial e o natural se atopan mesturados.



### ***Viaxe polo norte***

Roque Beloso Abilleira

2020. 3.º Premio, categoría serie fotográfica

Con esta serie fotográfica trato de expresar o que me transmitiu unha viaxe que realicei pola costa norte de Galicia con dous amigos. Cada lugar ao que fun transmitía diferentes sensacións e por iso non todas as fotografías teñen un mesmo ton cromático, nin unha composición semellante; o seu tema común é esta viaxe. Garita da Herbeira, os cantís máis altos da Europa continental, cabo Ortegal, a praia das Catedrais, a praia de Morouzos en Ortigueira, Estaca de Bares... A densa masa de nubes e a falta de xente creaba unha sensación de soidade absoluta, ata a última imaxe, na que tratei de amosar esa sensación de liberdade que me producen as viaxes, coa posibilidade de gardar estes momentos para a posterioridade.



2021



### ***Memoria en materia: Studiowork 5***

Lara Cores Piñeiro

2021. 1.º Premio, categoría fotografía orixinal

Esta fotografía pertence a un proceso de investigación e recompilación visual dun proxecto que pretende envolvernos (arrouparnos) nun mundo idealizado onde as formas dialogan entre si na profundidade de grandes volumes e plasticidade. Unha instalación onde cada persoa poida sentir as súas propias emocións e sentimentos, unha síntese onde restos e desperdicios de bolsas de plástico relatan o fráxil, obsesiva e retorcida que pode ser a mente humana, a pesar de ser algo tan resistente, flexible e sinxelo coma a materia que é o plástico. Nesta fotografía podemos ver parte da materialización da memoria. Un *studiowork* ou peza de estudio é a protagonista, realizada na fábrica mediante métodos de traballo que alí se utilizaban e materia que quedou abandonada. Materia, movemento, textura son algunhas das sensacións que percibimos na imaxe.



***Dos verdades, dos realidades***

Cynthia Gómez Vázquez

2021. 3.º Premio, categoría fotografía orixinal

Gústame fotografar cousas simples, cotiás, pero cun toque artístico para obter un bo resultado. Neste caso, nun día de choiva, quixen aproveitar un simple charco para conseguir unha fotografía algo máis artística e, talvez, darlle profundidade.



### ***Xeracións***

Claudia Gómez López

2021. 1.º Premio, categoría serie fotográfica

A cachapernas entre París e Pontevedra nace *Xeracións*, unha serie fotográfica que busca retratar os contrastes e semellanzas existentes entre as xeracións do noso tempo. É preciso observarlas de dúas en dúas, en parellas, para poder apreciar o diálogo de analogías e diferenzas de cada un dos conceptos representados polas diferentes xeracións retratadas. Nas dúas primeiras fotografías podemos observar unha forma de ver o mundo semellante; unha idiosincrasia e carácter idénticos a pesar da diferenza de idade. A terceira e cuarta fotografías representan como evoluciona a diversión co paso dos anos. Por último, atopamos unha evolución do amor de parella. Con esta serie queda patente que a esencia individual segue a ser a mesma, aínda que moldeada polo paso dos anos, as circunstancias e a contorna.



***Si la vida es circular, quiero girarla a caballo y en tiovivo***

Regina Chamorro Misa

2021. 2.º Premio, categoría serie fotográfica

Serie de fotografías en branco e negro que buscan transmitir desequilibrio, velocidade e contraste. As formas circulares están presentes en todas elas, incitando ao movemento. Búscase ademais explorar o poder das luces e das sombras, tanto naturais coma artificiais, acentuadas polo branco e o negro. Dise que a vida é circular, será por iso que moitos dos elementos que nos rodean tamén o son e, quizais, tamén polo que nos gusta tanto xirar sobre nós mesmos. Os nenos no carrusel, o cabalo correndo, as saias dando voltas e a luz dunha cúpula, todos xiran.



### ***La música que compartimos***

David Outón Quintáns

2021. 3.º Premio, categoría serie fotográfica

A música que compartimos é parte dun proxecto no que realicei fotografías a persoas ás que acababa de coñecer, entre o inverno de 2016 e o verán de 2017, tempo no que estiven de Erasmus en Italia. A imaxe e os seus vínculos narrativos, o tempo da fotografía, a identidade. Non forzo unha pretendida obxectividade, quizais sexa iso o máis difícil de todo, actuar sen un método, negando o modelo ou a foto pactada. Unha vez feita, a fotografía revélase como un algo que ante os meus ollos, considero que se une a esa imaxe da persoa da miña mente, aínda que só sexa durante un breve espazo de tempo. Unha imaxe que nunca pode substituír á persoa, pero se o engano dura, aínda que só sexa un segundo, talvez a imaxe funcionou. En última instancia, trátase dun diario dun ano da miña vida, do que estas fotografías son unha breve selección, aca-so as que conseguín colocar unha xunto a outra.

2022



### ***Futuro e esperanza do golfo de California***

Helena Constela Lorenzo

2022. 1.º Premio, categoría fotografía orixinal

O alto golfo de California, onde esta imaxe foi tomada mentres traballaba nun barco de conservación mariña, é unha zona tremendamente ameazada pola pesca ilegal desde hai décadas. Viaxando no barco, vimos como un gran grupo de golfinhos comúns de fociño longo xogaba a surfear a diferenza de presión que a proa do barco xera na superficie da auga. Nesta gran manada, un golfinho acabado de nacer trataba de seguir o ritmo da súa nai entre o estresante grupo. Tras cerca dunha hora e cuarto, cando o grupo de golfinhos desaparecera e o mar, de auga verde a causa da riqueza en microorganismos, volvera ao seu apracible estado habitual, nai e cachorro volveron para, agora si, disfrutar relaxadamente dun paseo amodo xunto ao barco. Xogando, aprendendo a mover a cola apropiadamente e nadando xuntos, nai e cachorro facían alarde do seu marabilloso vínculo. O futuro deste golfinho, porén, é incerto.





### ***La alabanza de las creadoras***

María Sarrapio Pol

2022. 2.º Premio, categoría fotografía orixinal

A fotografía foi tomada durante un concerto do grupo español Vetusta Morla, que no seu disco *Cable a tierra* pretende plasmar a esencia do folclore e a música popular, algo que fai pensar nas raíces de cada un e das sociedades, sobre todo as pasadas, culturas e crenzas pagás, onde se rendía un culto importante á figura da muller como personificación da creación a través da natureza. Na fotografía observamos o home axeonllado cos brazos en alto, louvando as tres figuras femininas enriba do escenario, mentres estas levan a cabo o seu cántico e crean beleza en formato acústico. As mulleres quedan enmarcadas polas extremidades do home facendo unha división ao xeito da representación do pasado, o presente e o futuro da forza feminina ao longo do tempo. Forza que lle dá luz ao camiño do ser humano, abastece de vida e víveres, alimenticios ou de coñecemento, para o seu posible avance, maduración e crecemento.



### ***Abierto***

Irene Curra Piñeiro

2022. 3.º Premio, categoría fotografía orixinal

A través desta fotografía pretendo transmitir, principalmente, dúas mensaxes: o paso do tempo e as ironías da vida. Tal e como se pode observar na imaxe, o nome do local é “Abierto”, pero obsérvase que este non só está pechado, senón que non se accede a el asiduamente, dando certa sensación de abandono. A larga exposición acentúa ese paso do tempo, dando a impresión de que ese lugar quedou estancado nun momento determinado, atrapado no espazo-tempo, mentres a vida continúa (as persoas que pasan percíbense como flashes que se moven a unha velocidade moito maior). O que se transmite é unha sensación de esperanto que bebe da ironía e que se nutre da ignorancia do ser humano ante o paso do tempo: non somos máis que segundos nun reloxo cósmico que leva millóns de anos dando a hora.



### ***Rituais do cotián***

Claudia Gómez López

2022. 1.º Premio, categoría serie fotográfica

Serie fotográfica que busca retratar os momentos rutineiros de diferentes personaxes, así como a beleza do día a día, arredor do mundo. Unha familia e una parella van tomar o café de media mañá, acompañados do que semella unha revista ou a prensa, un home goza da lectura do seu xornal diario, no seu posto de traballo. A relixión e a tradición xogan un papel na vida das persoas retratadas: unha nai que leva da man á súa filla á misa (vestidas de forma tradicional), un cura que sae dar un paseo e observa a vila coa igrexa de fondo e dúas persoas vestidas, de novo, coa vestimenta tradicional e que celebran unha cerimonia, un ritual, nun templo balinés. A pesar de que as fotografías están tomadas en lugares diferentes do mundo, cada un destes momentos forma parte dunha realidade moi semellante. É por iso que podemos afirmar que son os nosos hábitos os que nos caracterizan como seres humanos e sociais.




### ***Lugares onde vivir***

Ana Gómez Ferreira

2022. 2.º Premio, categoría serie fotográfica

Lugares amables, tranquilos e acolledores. Lugares onde disfrutar paseando ou facendo deporte. Lugares onde nacer, medrar e envellecer. Lugares onde coñecerse, reencontrarse ou reunirse. Lugares para todas as persoas e para todas as idades. Lugares onde o tempo se detén e a vida se sente. Lugares onde vivir.



### ***Pregos***

Lara Cores Piñeiro

2022. 3.º Premio, categoría serie fotográfica

Os pregos son o síntoma, o resultado dunha visión afectada pola educación e pola sociedade estereotipada na que vivimos. Chea de prexuízos propios, aquí preséntase a mirada crítica e íntima dunha persoa con trastorno dismórfico corporal. Un corpo feminino, un corpo cheo de curvas, manchas e formas. Artisticamente só podemos observar a beleza destas liñas, luces e sombras, mentres que nos ollos desa persoa só se lles é permitido ver defectos e deformacións que afectan á súa autoestima, que chegan a alterar a súa vida diaria e niveis de ansiedade. Con esta serie de fotografías preténdese darlle visibilidade a esta clase de trastornos e achegar o público a un corpo con “virtudes” que todas e todos temos ou tivemos algunha vez. Mostrar unha imaxe moi diferente ao que estamos acostumbrados a ver nos medios e redes sociais (barrigas planas, peitos firmes e peles completamente lisas).

2023



### ***Impermeables***

María Sarrapio Pol

2023. 2.º Premio, categoría fotografía orixinal

Cando miro esta imaxe que estivo anos gardada nunha carpeta calquera dun disco duro calquera, non sei que idea me seduce máis: a de pensar que levan amándose toda a vida ou a de pensar que o seu amor xurdiu fai relativamente pouco. Seguramente quede coa primeira, ao ser unha obsesa e defensora do amor romántico. Cando os vin da man, a tenrura invadiume por completo e só pensaba na sorte que é que o teu amor sexa impermeable ao tempo e a todos os sucesos cos que te atopas e tropezas entre medias. Tamén como o amor de antes semellaba ser de verdade, o de película, o de canción de Frank Sinatra. De verdade que antes a xente se quería para sempre? Ou é que había menos liberdade ou crítica e presión social á hora de decidir se estar ou non estar cunha persoa? Sexa como sexa, dentro desta fotografía sempre haberá dúas persoas que se complementan e servirán como símbolo en defensa do amor eterno. Sen idade.



### ***O instante do límite do turismo***

Helena Constela Lorenzo

2023. 3.º Premio, categoría fotografía orixinal

Cal é o límite do turismo de natureza? Ata onde debemos chegar como turistas por conseguir a foto? A Tanzania, a meirande parte do turismo acode polos safaris, unha oportunidade para case todos única na vida de ver grandes mamíferos no seu hábitat natural, a experiencia Serengeti ao completo. Os amenceres no Serengeti son un espectáculo que ningún turista quere deixar pasar, mais a experiencia de velo desde un globo está reservada só a uns poucos. No momento no que esta experiencia de luxo comeza, os cartos valen máis que o benestar dos animais aos que queren ver. Unha estampa *a priori* digna do mellor documental é en realidade unha carreira de elefantes asustados fuxindo en direccións opostas segundo os globos avanzan e baixan ata tocar as árbores, un acoso disfrazado de experiencia case onírica que representa a liña vermella que se cruza neste tipo de viaxes para tomar a mellor foto de vida salvaxe.





### ***O mercado***

Claudia Gómez López

2023. 1.º Premio, categoría serie fotográfica

Serie de fotografías nas que invito o espectador a participar nunha viaxe visual e emocional a través da cultura tailandesa. Cada fotografía é unha ventá á experiencia destes mercados, que revela a súa importancia como centros de intercambio cultural, social e económico. Componse de tres segmentos, cada un deles centrado nun tipo de mercado distinto. O primeiro mostra un mercado flotante, caracterizado por estar localizado en ríos e canles, onde os comerciantes venden os seus produtos desde pequenas embarcacións tradicionais coñecidas como barcos sampán. O segundo amosa un mercado local, onde cada instantánea captura a esencia do contorno e da vida cotiá da comunidade tailandesa. O terceiro lévanos a un mercado sobre as vías do tren, no que cada hora soa unha alarma e todos os comerciantes recollen en segundos os seus postos para deixarlle paso ao tren que o atravesa.





**Deputación  
Pontevedra**

**Do 4 ao 31 de outubro de 2024  
Pazo provincial da Deputación de Pontevedra**